



TÍTULOS DE PROTECCIÓN DAS CREACIONES DE FORMA



¿QUE É UN DESEÑO INDUSTRIAL?

O deseño industrial é un Título outorgado polo Estado que confire ó seu titular un dereito exclusivo á súa utilización.

Entenderase por utilización a fabricación, a oferta, a comercialización, a importación e exportación ou o uso dun produto que incorpore o deseño, así como o almacenamento do dito produto para algún dos fins mencionados.

Regulación legal:

1. Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial.



TIPOS DE DESEÑOS INDUSTRIAIS

1. **Modelo Industrial:** Proporciona un dereito exclusivo ó seu titular sobre a forma nova ou orixinal dada a un produto ou artigo tridimensional.
2. **Debuxo Industrial:** Proporciona un dereito exclusivo ó seu titular sobre a forma nova ou orixinal dada a un produto ou artigo bidimensional.



REQUISITOS MÍNIMOS DUN DESEÑO INDUSTRIAL PARA SER OBXECTO DE REXISTRO

Novidade: Un deseño é novo cando ningún outro deseño idéntico se fixera accesible ó público antes da data de presentación da solicitude de rexistro.

Carácter singular: Un deseño posúe carácter singular cando a impresión xeral que produza no usuario informado difira da impresión xeral producida no dito usuario por calquera outro deseño xa publicado.



PROHIBICIÓN DE REGISTRO COMO DISEÑO INDUSTRIAL

As características de aparencia do produto que estean dictadas exclusivamente pola súa función técnica.

As características do produto que deban ser necesariamente reproducidas na súa forma e dimensións exactas para permitir que o produto ó que se aplique ou incorpore o deseño poida ser conectado mecánicamente a outro produto, xuntado ou posto no seu interior ou en torno ó mesmo, ó obxecto de que cada un deles poida cumpri-la súa función.

Os deseños contrarios á orde pública ou ós bos costumes.

Os deseños que incorporen denominacións, o escudo, a bandeira, as condecoracións e outros emblemas de Estados ou Organizacións Internacionais, de España, as súas Comunidades Autónomas, municipios ou provincias, agás que medie a debida autorización.

Os deseños que incorporen signos que reproduzan, imiten ou transformen creacións protexidas por un dereito de propiedade intelectual ou de propiedade industrial, agás que medie a debida autorización.



¿CÓMO SE SOLICITA UN DESEÑO INDUSTRIAL?



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Instancia de solicitude:
Dirixida ó Director da OEPM.

A identificación do solicitante.

A reprodución gráfica do deseño apta para ser reproducida:
Poderá incluírse unha descrición da representación do deseño.

A identificación dos produtos ós que se vai aplica-lo deseño:
Esta lista poderá axustarse á Clasificación Internacional de Debuxos e Modelos Industriais (Arreglo de Locarno).

NOTA: OS IMPRESOS NORMALIZADOS DA SOLICITUDE PODEN OBTERSE NAS OFICINAS DO SEGAPI OU NA PÁXINA WEB DA OFICINA ESPAÑOLA DE PATENTES E MARCAS (OEPM): www.oepm.es.

Xustificante de pago:
O pago da taxa correspondente efectuarase en calquera sucursal de "La Caixa".

NOTA: OS IMPRESOS NORMALIZADOS DE PAGO PODEN OBTERSE NAS OFICINAS DO SEGAPI.



SOLICITUDES MÚLTIPLES

A solicitude de rexistro poderá comprender varios deseños, ata un máximo de 50, sempre que se refiran a produtos pertencentes á mesma clase da Clasificación Internacional de Debuxos e Modelos Industriais establecida polo "Arreglo de Locarno".

Esta limitación non rexerá no caso de debuxos industriais.



¿ONDE PRESENTAR ESTA DOCUMENTACIÓN?

No SEGAPI (Servicio Galego de Propiedade Industrial).

En calquera outra dependencia da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

Na OEPM (Oficina Española de Patentes e Marcas).

Nas oficinas de Correos.

NOTA: OS ANTERIORES CONSTITÚEN OS ÓRGANOS COMPETENTES PARA O OUTORGAMENTO DE DATA E HORA DE PRESENTACIÓN.

En calquera outro órgano administrativo e oficina pública autorizada, conforme ó previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



¿CONTIDO E DURACIÓN DO DEREITO?

O deseño industrial confire ó seu titular o dereito de impedir a calquera terceiro a súa utilización.

Entenderase por utilización a fabricación, a oferta, a comercialización, a importación e exportación ou o uso dun produto que incorpore o deseño, así como o almacenamento do dito produto para algún dos fins mencionados.

O deseño industrial ten unha duración inicial de 5 anos contados dende a data de presentación da solicitude e poderá renovarse por períodos sucesivos de 5 anos, ata un máximo de 25 anos.

A renovación deberá ser solicitada polo titular e deberá ir acompañada do xustificante de pago da taxa de renovación.



¿CUSTO DUN DESEÑO INDUSTRIAL?

1. O custo dun deseño industrial inclúe:


Taxa de solicitude.

Taxa de renovación, cada 5 anos.

En caso de utiliza-los servicios dun Axente da Propiedade Industrial, os seus honorarios.

2. As taxas están reguladas no anexo da Lei de protección xurídica do deseño industrial, actualizadas anualmente pola Lei de orzamentos xerais do Estado correspondente a cada exercicio.

TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE





TÍTULOS DE PROTECCIÓN DE SIGNOS DISTINTIVOS





¿QUE É UNHA MARCA?

A marca é un Título outorgado polo Estado que confire ó seu titular o dereito exclusivo á utilización dunha determinada identificación dun produto ou servizo no mercado.

Regulación legal:

1. Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.
2. Regulamento de execución desta Lei (aprobado polo RD 687/2002, de 12 de xullo).



TIPOS DE MARCA

Marca de produtos e servizos: Todo signo susceptible de representación gráfica que sirva para distinguir no mercado os produtos ou servizos dunha empresa dos de outras.

Marca colectiva: Todo signo susceptible de representación gráfica que sirva para distinguir no mercado os produtos ou servizos dos membros dunha asociación titular da marca dos produtos ou servizos de outras empresas.

Marca de garantía: Todo signo susceptible de representación gráfica, utilizado por unha pluralidade de empresas baixo o control e autorización do seu titular, quen certifica que os produtos ou servizos ós que se aplica cumpren uns requisitos comúns.



SIGNOS REXISTRABLES

1. Denominativos: Un vocabulo.
2. Gráficos: Un debuxo.
3. Mixtos: Combinación de gráfico e denominación.
4. Tridimensionais: Un envase
5. Sonoros: Unha melodía.



PROHIBICIÓN DE REGISTRO COMO MARCA

Os signos que sexan idénticos ou semellantes a outros xa rexistrados, para individualizar produtos ou servizos idénticos ou similares.

Os signos comúns, xenéricos ou demasiado amplos; os que designen a especie, calidade, cantidade, destino, procedencia ou outras características do produto ou servizo.

Os signos que se convertesen en habituais na linguaxe común ou os constituídos exclusivamente pola forma natural do produto.

Os signos xeográficos, salvo para as marcas colectivas e de garantía que poderán estar integradas exclusivamente por estes rexistros xeográficos.

Os signos contrarios á lei, á orde pública ou ós bos costumes.

Os signos enganosos, que poidan inducir a erro ós consumidores.

Os que reproduzan ou imiten denominacións, o escudo, a bandeira, as condecoracións e outros emblemas de Estados ou Organizacións Internacionais, de España, Comunidades Autónomas, municipios ou provincias, agás que medie a debida autorización.

O nome, imaxe, retrato ou calquera outro elemento de identificación que non sexan os do solicitante, agás que medie a debida autorización.

Os signos que reproduzan, imiten ou transformen creacións protexidas pola propiedade intelectual ou por outro dereito de propiedade industrial, agás que medie a debida autorización.



MARCA



¿CÓMO SE SOLICITA UNHA MARCA?



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Instancia de solicitude:

Dirixida ó Director da OEPM.

A identificación do solicitante.

A reprodución da marca:

Se é gráfica ou mixta son necesarias 5 copias, que deberán ser en cor se se quere reivindicarlas cores do signo.

A lista de produtos ou servizos para os que se solicita a marca:

Esta lista axustarase á Clasificación Internacional de Produtos e Servizos para o rexistro de marcas ("Arreglo de Niza").

NOTA: OS IMPRESOS NORMALIZADOS DA SOLICITUDE PODEN OBTERSE NAS OFICINAS DO SEGAPI OU NA PÁXINA WEB DA OFICINA ESPAÑOLA DE PATENTES E MARCAS (OEPM): www.oepm.es.

Xustificante de pago:

O pago da taxa correspondente efectuarase en calquera sucursal de "La Caixa".

NOTA: OS IMPRESOS NORMALIZADOS DE PAGO PODEN OBTERSE NAS OFICINAS DO SEGAPI.



¿ONDE PRESENTAR ESTA DOCUMENTACIÓN?

No SEGAPI (Servicio Galego de Propiedade Industrial).

En calquera outra dependencia da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

Na OEPM (Oficina Española de Patentes e Marcas).

Nas oficinas de Correos.

NOTA: OS ANTERIORES CONSTITÚEN OS ÓRGANOS COMPETENTES PARA O OUTORGAMENTO DE DATA E HORA DE PRESENTACION.

En calquera outro órgano administrativo e oficina pública autorizada, conforme ó previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



¿CONTIDO E DURACIÓN DO DEREITO?

A marca confire ó seu titular o dereito de impedir a calquera terceiro o uso dun signo, idéntico ou confundible, para distinguir no mercado produtos ou servicios idénticos ou similares.

A marca ten unha duración inicial de 10 anos, contados a partir da data de presentación da solicitude e poderá renovarse ininterrompidamente por períodos sucesivos de 10 anos.

A renovación deberá ser solicitada polo titular e deberá ir acompañada do xustificante de pago da taxa de renovación.

Para mante-lo dereito, o titular está obrigado a:

1. Facer uso efectivo e real en España da marca, para os produtos ou servicios para os cales esta rexistrada, dentro do prazo de 5 anos contados dende a data de publicación da súa concesión.
2. Non suspender este uso durante un prazo ininterrompido de 5 anos.



¿CUSTO DUNHA MARCA?

1. O custo dunha marca inclúe:


Taxa de solicitude por cada clase.

Taxa de renovación por cada clase, cada 10 anos.

En caso de utiliza-los servicios dun Axente da Propiedade Industrial, os seus honorarios.

2. As taxas están reguladas no anexo da Lei de marcas, actualizadas anualmente pola Lei de ornamentos xerais do Estado correspondente a cada exercicio.

TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE





¿QUE É UN NOME COMERCIAL?

O nome comercial é un Título outorgado polo Estado que confire ó seu titular o dereito exclusivo á utilización dunha determinada identificación dunha persoa física/xurídica no tráfico económico.

O nome comercial é independente dos nomes das sociedades inscritas no rexistro mercantil.

Regulación legal:

1. O título X da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.
2. Así mesmo, serán de aplicación ó nome comercial, na medida que non sexan incompatibles coa súa propia natureza, as normas establecidas na Lei de marcas.
3. Regulamento de execución desta Lei (aprobado polo RD 687/2002, do 12 de xullo).



¿QUE PODE REXISTRARSE COMO NOME COMERCIAL?

Os nomes patronímicos, as razóns sociais e as denominacións de persoas xurídicas.

As denominacións de fantasía.

As denominacións alusivas ó obxecto da actividade empresarial.

Os anagramas e logotipos.

As imaxes, figuras e debuxos.

Calquera combinación dos signos que, con carácter enunciativo, se mencionan nos apartados anteriores.



PROHIBICIÓNS DE REXISTRO COMO NOME COMERCIAL

Os que non poidan constituír nome comercial conforme ó apartado anterior.

Os signos que sexan idénticos ou semellantes a outros xa rexistrados, para individualizar produtos ou servicios idénticos ou similares.

Os signos comúns, xenéricos ou demasiado amplos; os que designen a especie, calidade, cantidade, destino, procedencia ou outras características do produto ou servicio.

Os signos que se convertesen en habituais na linguaxe común ou os constituídos exclusivamente pola forma natural do produto.

Os signos xeográficos.

Os signos contrarios á lei, á orde pública ou ós bos costumes.

Os signos enganosos, que poidan inducir a erro ós consumidores.

Os que reproduzan ou imiten denominacións, o escudo, a bandeira, as condecoracións e outros emblemas de Estados ou Organizacións Internacionais, de España, Comunidades Autónomas, municipios ou provincias, agás que medie a debida autorización.

O nome, imaxe, retrato ou calquera outro elemento de identificación que no sexan os do solicitante, agás que medie a debida autorización.

Os signos que reproduzan, imiten ou transformen creacións protexidas pola propiedade intelectual ou por outro dereito de propiedade industrial, agás que medie a debida autorización.



NOME COMERCIAL



¿CÓMO SE SOLICITA UN NOME COMERCIAL?



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Instancia de solicitude:

Dirixida ó Director da OEPM.

A identificación do solicitante.

A reprodución do nome comercial:

Se é gráfico ou mixto son necesarias 5 copias, que deberán ser en cor se se quere reivindicar as cores do signo.

NOTA: OS IMPRESOS NORMALIZADOS DA SOLICITUDE PODEN OBTERSE NAS OFICINAS DO SEGAPI OU NA PÁXINA WEB DA OFICINA ESPAÑOLA DE PATENTES E MARCAS (OEPM): www.oepm.es.

Xustificante de pago:

O pago da taxa correspondente efectuarase en calquera sucursal de "La Caixa".

NOTA: OS IMPRESOS NORMALIZADOS DE PAGO PODEN OBTERSE NAS OFICINAS DO SEGAPI.



¿ONDE PRESENTAR ESTA DOCUMENTACIÓN?

No SEGAPI (Servicio Galego de Propiedade Industrial).

En calquera outra dependencia da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

Na OEPM (Oficina Española de Patentes e Marcas).

Nas oficinas de Correos.

NOTA: OS ANTERIORES CONSTITÚEN OS ÓRGANOS COMPETENTES PARA O OUTORGAMENTO DE DATA E HORA DE PRESENTACION.

En calquera outro órgano administrativo e oficina pública autorizada, conforme ó previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



NOME COMERCIAL



¿CONTIDO E DURACIÓN DO DEREITO?

O nome comercial confire ó seu titular o dereito a impedir a calquera terceiro o uso do mesmo ou doutro signo confundible para distinguir no tráfico económico unha empresa dedicada a unha actividade idéntica ou similar.

O nome comercial ten unha duración inicial de 10 anos contados dende a data de presentación da solicitude e poderá renovarse ininterrumpidamente por períodos sucesivos de 10 anos.

Para mante-lo dereito, o titular está obrigado a:

1. Facer uso efectivo e real en España do nome comercial, para os produtos ou servizos para os cales estea rexistrado, dentro do prazo de 5 anos contados dende a data de publicación da súa concesión.
2. Non suspender este uso durante un prazo ininterrumpido de 5 anos




¿CUSTO DUN NOME COMERCIAL?

1. O custo dun nome comercial inclúe:

Taxa de solicitude por cada clase.
Taxa de renovación por cada clase, cada 10 anos.
En caso de utiliza-los servizos dun Axente da Propiedade Industrial, os seus honorarios.

2. As taxas están reguladas no anexo da Lei de marcas, actualizadas anualmente pola Lei de orzamentos xerais do Estado correspondente a cada exercicio.

TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE



the 1990s, the number of people who have been employed in the public sector has increased in all countries. The increase has been particularly large in the United States, where the public sector has grown from 10.5% of the total workforce in 1970 to 17.5% in 1995. In the United Kingdom, the public sector has grown from 12.5% in 1970 to 22.5% in 1995. In the Netherlands, the public sector has grown from 15.5% in 1970 to 25.5% in 1995. In the Scandinavian countries, the public sector has grown from 18.5% in 1970 to 28.5% in 1995.

The increase in the public sector has been driven by a number of factors. One of the most important factors is the aging of the population. As the population ages, the need for social security and health care increases. This has led to a large increase in public spending on these areas. Another important factor is the growth of the welfare state. In many countries, the welfare state has expanded significantly since the 1970s. This has led to a large increase in public spending on social services, such as education, health care, and housing.

The increase in the public sector has also been driven by the growth of the service economy. In many countries, the service economy has grown significantly since the 1970s. This has led to a large increase in public spending on social services, such as education, health care, and housing. The growth of the service economy has also led to a large increase in public spending on infrastructure, such as roads, bridges, and public transportation.

The increase in the public sector has also been driven by the growth of the public sector. In many countries, the public sector has grown significantly since the 1970s. This has led to a large increase in public spending on social services, such as education, health care, and housing. The growth of the public sector has also led to a large increase in public spending on infrastructure, such as roads, bridges, and public transportation.

The increase in the public sector has also been driven by the growth of the public sector. In many countries, the public sector has grown significantly since the 1970s. This has led to a large increase in public spending on social services, such as education, health care, and housing. The growth of the public sector has also led to a large increase in public spending on infrastructure, such as roads, bridges, and public transportation.

The increase in the public sector has also been driven by the growth of the public sector. In many countries, the public sector has grown significantly since the 1970s. This has led to a large increase in public spending on social services, such as education, health care, and housing. The growth of the public sector has also led to a large increase in public spending on infrastructure, such as roads, bridges, and public transportation.

The increase in the public sector has also been driven by the growth of the public sector. In many countries, the public sector has grown significantly since the 1970s. This has led to a large increase in public spending on social services, such as education, health care, and housing. The growth of the public sector has also led to a large increase in public spending on infrastructure, such as roads, bridges, and public transportation.

The increase in the public sector has also been driven by the growth of the public sector. In many countries, the public sector has grown significantly since the 1970s. This has led to a large increase in public spending on social services, such as education, health care, and housing. The growth of the public sector has also led to a large increase in public spending on infrastructure, such as roads, bridges, and public transportation.

The increase in the public sector has also been driven by the growth of the public sector. In many countries, the public sector has grown significantly since the 1970s. This has led to a large increase in public spending on social services, such as education, health care, and housing. The growth of the public sector has also led to a large increase in public spending on infrastructure, such as roads, bridges, and public transportation.



TÍTULOS DE PROTECCIÓN A NIVEL INTERNACIONAL



PATENTE EUROPEA

O sistema da patente europea permite obter protección mediante unha única solicitude con designación de aqueles Estados europeos en que se quere obter protección, e que sexan parte do Convenio da Patente Europea.

A solicitude de patente europea é tramitada pola Oficina Europea de Patentes e a concesión produce o efecto, en cada un dos Estados para os que se outorga, dunha patente nacional.

Os requisitos de patentabilidade esixidos para conceder unha patente europea son similares ós previstos para unha patente española: novidade mundial, actividade inventiva e aplicación industrial.

CONVENIO DA PATENTE EUROPEA:

É un tratado internacional que crea un sistema centralizado de concesión de patentes aberto a tódolos países europeos.

Da súa xestión encárgase a Oficina Europea de Patentes.

¿PARA QUE PAÍSES PODE OBTERSE PROTECCIÓN?:

Poderá obterse protección para todos aqueles países que formen parte do convenio, e que foran designados na solicitude.

Están adheridos ó convenio 31 países europeos.

SOLICITUDE DE PATENTE EUROPEA:

Deben presentarse nun dos tres idiomas oficiais da Oficina Europea de Patentes (inglés, francés ou alemán), converténdose o idioma elixido no idioma do procedemento.

Poderá presentarse:

Na Oficina Europea de Patentes.

Na Oficina Española de Patentes e Marcas.

No SEGAPI ou en calquera outra dependencia da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia.



Documentos que deben integra-la solicitud:

- Unha petición de concesión de patente europea.
- Unha descrición da invención.
- Unha ou varias reivindicacións.
- Os debuxos ós que se refiran a descrición ou as reivindicacións.
- Resumo da invención.
- Xustificante do pago da taxa de solicitude.



PATENTE INTERNACIONAL (SISTEMA PCT)

Este sistema facilita a tramitación das solicitudes para a protección das invencións cando esta protección se quere obter en varios países, establecendo un sistema polo que a presentación dunha solicitude única produce os mesmos efectos que se a dita solicitude fose presentada en cada un dos países designados polo interesado.

Non se trata dun procedemento de concesión de patentes nin substitúe ás concesións nacionais, senón que é un sistema polo que se unifica a tramitación previa á concesión.

TRATADO DE COOPERACIÓN EN MATERIA DE PATENTES (PCT):

É un tratado multilateral que crea un sistema unificado para a cooperación na presentación, busca e exame de solicitudes de protección das invencións. Da súa administración encárgase a Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI).

¿PARA QUE PAÍSES PODE OBTENERSE PROTECCIÓN?:

Poderá obterse protección para todos aqueles países que formen parte do tratado, e que foran designados na súa solicitude.

A 1 de novembro de 2003, están adheridos ó Tratado de Cooperación en Materia de Patentes (PCT) 123 países.

SOLICITUDE INTERNACIONAL:

A solicitude internacional deberá redactarse en castelán.

Poderá presentarse:

Na Oficina Española de Patentes y marcas.
No SEGAPI ou en calquera outra dependencia da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia.



Documentos que deben integra-la solicitud:

- Unha instancia de solicitude.
- Unha descrición da invención.
- Unha ou varias reivindicacións.
- Os debuxos ós que se refiran a descrición ou as reivindicacións.
- Resumo da invención.
- Xustificante do pago da taxa de solicitude.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:

O procedemento de concesión consta de dúas fases:

1. Fase internacional que se desenvolverá ante a oficina nacional do solicitante (OEPM, no caso de España), que realizará a busca internacional e o exame preliminar internacional.
2. Fase nacional que se produce ante as oficinas dos distintos países designados polo solicitante.

¿QUE É UN DESEÑO COMUNITARIO?:

Deseño comunitario (debuxo ou modelo industrial) é un título outorgado pola Oficina de Armonización do Mercado Interior (OAMI), que confire ó seu titular o dereito exclusivo á súa utilización en todo o territorio da Unión Europea.

Os requisitos de rexistrabilidade son similares ós previstos para un deseño español: novidade e carácter singular.

REGULACIÓN LEGAL:

Regulamento (CE) nº 6/2002 do Consello, do 12 de decembro de 2001, sobre os debuxos e modelos comunitarios.

SOLICITUDE DE REXISTRO:

- Poderá presentarse:
 1. Na Oficina de Armonización do Mercado Interior (OAMI).
 2. Na Oficina Española de Patentes e Marcas.
- Documentos que deben integra-la solicitude:
 - Unha instancia de solicitude.
 - Os datos que permitan identificar ó solicitante.
 - Unha representación do debuxo ou modelo, susceptible de reprodución.
 - Unha relación dos produtos ós que se van a incorporar ou aplica-lo debuxo ou modelo.
 - Xustificante do pago da taxa de solicitude e da taxa de publicación.

DURACIÓN DO DEREITO:

O deseño comunitario ten unha duración inicial de 5 anos contados dende a data de presentación da solicitude.

Poderá renovarse por períodos sucesivos de 5 anos, ata un máximo de 25 anos.

¿QUE É UNHA MARCA COMUNITARIA?:

A marca comunitaria é un título outorgado pola Oficina de Armonización do Mercado Interior (OAMI), que confire ó seu titular o dereito exclusivo á utilización dunha determinada identificación dun produto ou servizo en todo o territorio da Unión Europea.

REGULACIÓN LEGAL:

Regulamento (CE) nº 40/1994 do Consello, do 20 de decembro de 1993, sobre a marca comunitaria.

SOLICITUDE DE REXISTRO:

·Poderá presentarse:

1. Na Oficina de Armonización do Mercado Interior (OAMI).
2. Na Oficina Española de Patentes e Marcas.

·Documentos que deben integra-la solicitude:

- Unha instancia de solicitude.
- Os datos que permitan identificar ó solicitante.
- A reprodución da marca.
- A lista de produtos ou servizos para os que se solicita o rexistro.
- Xustificante do pago da taxa de solicitude por cada clase solicitada.

DURACIÓN DO DEREITO:

A marca comunitaria ten unha duración inicial de 10 anos contados dende a data de presentación da solicitude.

Poderá renovarse ininterrompidamente por períodos sucesivos de 10 anos.



MARCA INTERNACIONAL (SISTEMA DE MADRID)

O sistema de Madrid para o rexistro internacional de marcas réxese por dous tratados:

1. "Arreglo de Madrid" relativo ó Rexistro Internacional de Marcas.
2. Protocolo concernente ó "Arreglo de Madrid" relativo ó Rexistro Internacional de Marcas.

Son tratados paralelos pero independentes, e onde non tódolos membros dun son membros do outro.

O sistema está administrado pola Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI).

¿PARA QUE PAÍSES PODE OBTENERSE PROTECCIÓN?

Na solicitude de rexistro internacional deberanse designa-los países (agás o país de orixe, que no noso caso é España) no que a marca quedará protexida.

Só se poderá designar un país se ese país e o país de orixe son ámbolos dous partes no mesmo tratado (Arreglo ou Protocolo).

España é parte dos dous tratados.

SOLICITUDE INTERNACIONAL:

Cando se rexa polo "Arreglo" deberá basearse nun rexistro da marca en España e deberá estar redactada en inglés ou en francés.

Cando se rexa polo "Protocolo" deberá basearse nunha solicitude de rexistro da marca en España e deberá estar redactada en inglés.

Poderá presentarse:

Na Oficina Española de Patentes e Marcas.
No SEGAPI ou en calquera outra dependencia da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia.



DEPENDENCIA DO REXISTRO OU SOLICITUDE EN ESPAÑA:

Durante un período de 5 anos a partir da data do seu rexistro, un rexistro internacional dependerá da marca que se rexistrou ou solicitou en España:

Se o rexistro ou a solicitude en España deixan de surtir efectos, dentro dese período de 5 anos, o rexistro internacional deixará de estar protexido e poderá ser cancelado.

Tra-la expiración dese período de 5 anos, o rexistro internacional perde toda dependencia co rexistro ou solicitude en España.



O SERVIZO GALEGO DE PROPIEDAD INDUSTRIAL (SEGAPI)



O SERVIZO GALEGO DE PROPIEDADE INDUSTRIAL (SEGAPI)

O Servicio Galego de Propiedade Industrial (SEGAPI) é unha unidade administrativa, adscrita á Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia, que se encargará de exercer as competencias e funcións propias da Comunidade Autónoma galega en materia de propiedade industrial.

MISIÓN

SEGAPI terá unha dobre misión:

Fomenta-la protección das actividades de creación e innovación tecnolóxica na nosa Comunidade Autónoma (a través da obtención do rexistro de patentes, modelos de utilidade e deseños industriais), así como a identidade corporativa empresarial (a través do rexistro de marcas e nomes comerciais).

Transmitir información que oriente a actividade innovadora do noso tecido productivo, a través da prestación de servizos de información e vixilancia tecnolóxica baseados en bancos de datos informatizados que cubren o estado actual da técnica mundial en calquera sector de



ACTIVIDADES:

As súas actividades centraranse, básicamente, en tres ámbitos de actuación:

1. Ámbito rexistral.

Recepción e exame das distintas solicitudes dirixidas á OEPM e prestación de información e asesoramento en materia de propiedade industrial.

2. Ámbito tecnolóxico.

Prestación de servizos de información e vixilancia tecnolóxica.

3. Ámbito promocional.

Promoción de iniciativas e desenvolvemento de actividades conducentes ó mellor coñecemento e á máis axeitada protección da propiedade industrial.



SERVICIOS

Información sobre o contido e normativa das diferentes modalidades de propiedade industrial.

Información sobre antecedentes de signos distintivos rexistrados para valorar a posibilidade de obter novos signos.

Información sobre a situación xurídica de tódolos expedientes tramitados pola OEPM.

Información orientativa sobre a modalidade axeitada de rexistro.

Entrega de impresos normalizados e información para a súa correcta cumprimentación.

Información sobre trámites, requisitos, prazos e taxas para a obtención da protección rexistral.

Información sobre o mantemento dos dereitos de propiedade industrial: pagos e renovacións.

Información sobre actuacións administrativas: transmisión ou cesión de dereitos.

Información sobre procedementos internacionais de rexistro.

Reproducción dos documentos completos de patentes nacionais e extranxeiras.

Buscas retrospectivas de invencións e deseños.

Informes tecnolóxicos de patentes.

Informes de vixilancia tecnolóxica.



CONTACTO

SEGAPI (Servicio Galego de Propiedade Industrial)

Rúa Doutor Teixeiro, nº 26
15701 – Santiago de Compostela

Tel: 981 545 568 e 981 545 313

Correo electrónico: info.segapi@xunta.es

Páxina web: segapi.xunta.es



SERVICIO GALEGO DE PROPIEDAD INDUSTRIAL (SEGAPI)

c/Doutor Teixeiro, 26 – 15701 Santiago de Compostela
Tel: 981 545 568
segapi.xunta.es

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Edf. Advo. San Caetano, s/n – 15781 Santiago de Compostela
Tel: 981 545 313
www.xunta.es/conselle/in/index.htm

OFICINA ESPAÑOLA DE PATENTES Y MARCAS (OEPM)

c/Panamá, 1 – 28071 Madrid
Tel: 902 157 530
www.oepm.es

OFICINA EUROPEA DE PATENTES

Erhardtstrasse 27 – D-80331 Munich
Tel: 49 89 23 99
www.european-patent-office.org

OFICINA DE ARMONIZACIÓN DEL MERCADO INTERIOR (OAMI)

Av. de Europa, 4 – 03008 Alicante
Tel: 965 139 100
oami.eu.int

ORGANIZACIÓN MUNDIAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL (OMPI)

34, Chemin des Colombettes P.O. Box 18 – CH 1211 Geneve 20 – Suiza
Tel: 4122 338 91 11
www.wipo.int

REGISTRO GENERAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL

c/Zurbarán, 1 – 28010 Madrid
Tel: 915 930 870
www.mec.es/mecd/propint/index.htm

REGISTRO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INTELECTUAL DE GALICIA

Rúa Hórreo, 61 baixo – 15701 Santiago de Compostela
Tel: 981 545 073
www.xunta.es/conselle/cultura

